

Doses de humor

Ficción e metafiction



MANUEL ROSALES

Nesta entrega, o escritor Riveiro Coello explora as relacións entre literatura e realidade a través do complexo mundo da creación. Para esta tarefa parte dun personaxe escritor, Suso Paradela -protagonista doutras obras de Antón Riveiro- que nos vai conducindo por un labirinto de referencias reais e ficticias en torno á creación dunha novela e dunha serie de relatos xornalísticos.

En plena crise creativa, Suso Paradela vaise nutrir das narracións que lle transmiten dous personaxes contratados. Pero virá fundamentalmente dun deles, o romanés Dimitrie Lupescu, a principal fonte da inspiración dos inquietantes relatos centrados arredor dun ollo que porta nun tarro. Deste xeito, *Os ollos de K.* constitúe unha peculiar obra porque obriga a ser lida en tres planos diferentes: o da ficción, a novela que escribe Suso; o plano da realidade, a propia vida de Suso; e o plano da fusión ou encontro no que se difuminan eses límites e se desencadea a propia novela de Riveiro Coello. E por riba de todos paira o proceso da escritura, unha reflexión sobre o proceso de creación do relato na que Suso trata de

achar as fórmulas para seguir escribindo ao tempo que se ve enfrontado a situacións que marcarán o seu destino.

O lector atópase ante a ficción e a metafiction: o narrador como un personaxe máis da súa propia creación, un ente ficcional dentro da súa propia ficción e na que están moi vivas e presentes as propias influencias literarias do autor. A

cidade de Praga e *O proceso* de Kafka aparecen como procedementos recorrentes nun labirinto de realidades e ficcións que non sempre son separables.

Porén esta estratexia novelística, na que está latente, xa desde o propio título, o mundo kafkiano, non acaba aquí. Atopamos tamén un brillante xogo formal que cobra protagonismo en cinco breves relatos (os únicos con título) escritos, na ficción, para a prensa e intercalados no medio dos trinta e un capítulos do libro. Nestes últimos Antón Riveiro soubo tecer unha trama detectivesca que se desenvolve tamén de xeito parello e se resolve no derradeiro capítulo do libro.

Podemos dicir que a narración se move con soltura, entre as reflexións literarias e os avatares vitais de Suso, a pesar dalgúns fragmentos recorrentes que, afortunadamente, non malogran a intriga deste libro nin desloquen as acertadas doses de humor con que está acompañada.

